

## **ACTA XUNTA ORDINARIA DE FACULTADE**

### **Sesión do 1 de xullo de 2016**

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnense os membros da Xunta de Facultade, o venres 1 de xullo de 2016, ás 12.30 horas en segunda e definitiva convocatoria, coa seguinte

#### **ORDE DO DÍA**

- 1. Lectura e aprobación da acta anterior (17 de xuño de 2016)**
- 2. Informe da Decana**
- 3. Aprobación, se procede, das guías docentes**
- 4. Aprobación, se procede, dos programas docentes do mestrado interuniversitario de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade**
- 5. Rolda de intervencións**

- 1. Lectura e aprobación da acta anterior (17 de xuño de 2016)**

Apróbase a acta da sesión anterior por asentimento.

- 2. Informe da Decana**

A decana comenta as seguintes cuestións:

- Escusan a súa ausencia: Daniel Cid (escavación Armeá), Arturo Real (escavación Armeá), Héctor Espino (escavación Armeá) e Fermín Pérez (escavación Armeá).
- Recorda que hai que enviar ao decanato as titorías do curso 2016/17 así como as reservas da aula de informática, xa que é probable que debido á demanda haxa que facer reestruturacións.
- Comenta que onte houbo Consello de Campus e nel se aprobou a proposta da memoria do Programa de Doutoramento Auga, Sostenibilidade e Desenvolvemento. Tamén se informou que a habilitación das tarxetas para o acceso aos centros, fóra do horario laboral, quedará para setembro xa que houbo problemas técnicos.

**3. Aprobación, se procede, das guías docentes**

Despois da súa revisión pola coordinadora de grao e de que os respectivos docentes fixeran as modificacións pertinentes, apróbanse as guías docentes para o curso 2016/17.

**4. Aprobación, se procede, dos programas docentes do mestrado interuniversitario de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade**

Apróbanse por asentimento os programas docentes.


**5. Rolda de intervencións**

Pide a palabra o profesor Antonio Presedo que le un escrito como resposta ao presentado polos representantes da delegación de alumnos en relación coa materia de Historia Moderna de España de 3º de grao.

Solicita que o escrito se xunte á acta. A decana indica que se fará chegar unha copia á delegación de alumnos e ao alumnado implicado.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12.45 horas, e de todo dou fe como secretaria.

A decana



Susana Reboreda Morillo

A secretaria



MCarmen Arribas Álvarez

XUNTA DE FACULTADE

ORDINARIA

01/07/2016

ANSIA GÓMEZ, JORGE

ARRIBAS ÁLVAREZ, MCARMEN

ASISTENCIA	AUSENCIA XUSTIFICADA
	NO
SI	

BARRIOCANAL LÓPEZ, YOLANDA	SI	
CASTRO LÓPEZ, LADISLAO	SI	
CID NARVÁEZ, DANIEL		SI
COMENDADOR REY, BEATRIZ	SI	
DÍAZ ALONSO, XOEL	SI	
ESPIÑO ALVARADO, HÉCTOR		SI
FDEZ CONTRERAS, M <sup>a</sup> CARMEN	SI	
GARCÍA CABO, MANUEL	SI	
GÓMEZ IGLESIAS, MONTSERRAT		NO
JUANA LÓPEZ, JESÚS DE	SI	
LÓPEZ DÍAZ, MARÍA		SI
LOZANO GONZÁLEZ, CARLOS		NO
PÉREZ LOSADA, FERMÍN		SI
PÉREZ RODRÍGUEZ, FCO. JAVIER		NO
PRADA RODRÍGUEZ, JULIO	SI	
PRESEDO GARAZO, ANTONIO	SI	
REAL LÓPEZ, ARTURO		SI
REBOREDA MORILLO, SUSANA	SI	
SIXIREI PAREDES, CARLOS		NO
TABOADA RODRÍGUEZ, SOFÍA	SI	
UÑA ÁLVAREZ, ELENA DE		NO
VALÍN FERNÁNDEZ, ALBERTO	SI	
VAQUERO DÍAZ, BEATRIZ	SI	